



Checklist

Como de representativa é
a túa comunicación corporativa?

imaxin

intelligence
in dialogue

Checklist: Como de representativa é a túa comunicación corporativa?

Revisa os teus textos corporativos, marca o que aplicas e consulta os resultados ao final do documento.

Nomeamos a cada persoa segundo o seu cargo e xénero	Ex.: A ministra de Defensa e o ministro do Interior asistiron ao acto.	☐
Substituímos o masculino plural por termos colectivos	Ex.: O equipo de enxeñaría desenvolveu o <i>software</i> .	☐
Usamos feminino ou masculino segundo corresponda	Ex.: Son a directora do departamento.	☐
Reformulamos frases para evitar determinantes con xénero	Ex.: Quen abaixo firma declara...	☐
Incorporamos a palabra <i>persoa</i> cando axuda a incluír a todo o mundo	Ex.: As persoas usuarias deben rexistrarse.	☐
Usamos formas dobres para visibilizar ambos os xéneros	Ex.: Búscase tradutor ou tradutora audiovisual.	☐
Transformamos a frase cando o suxeito introduce xénero innecesario	Ej.: Deberase encher o formulario.	☐
Substituímos o masculino plural por perífrases ou termos colectivos	Ex.: O persoal técnico revisará o sistema.	☐
Reformulamos expresións para evitar marcas de xénero	Ex.: Informe médico.	☐
Usamos determinantes ou pronomes neutros cando é posible	Ex.: Cada contribuínte debe declarar.	☐
Evitamos usar símbolos (@, x, /) que dificulten a lectura formal	Ex.: O persoal / o cadro de persoal / as persoas traballadoras	☐

Resultados

10 - 12 A túa comunicación reflicte de forma consistente a todas as persoas. Os textos, correos electrónicos, informes e documentación interna e externa utilizan linguaxe non sexista, termos colectivos adecuados e referencias inclusivas. Mantén estas boas prácticas e asegúrate de aplicalas nos novos contidos e na formación do equipo.

6 - 9 A túa comunicación incorpora varias prácticas de linguaxe representativa, pero aínda hai áreas que poden mellorar. Revisa os puntos que non marcaches, sobre todo: uso de formas concretas, termos colectivos e eliminación de marcas de xénero innecesarias. Considera crear unha guía interna para unificar criterios.

0 - 5 A túa comunicación aínda utiliza amplamente o masculino xenérico ou frases que non reflicten a todo o equipo. Isto pode invisibilizar a algunhas persoas e afectar a coherencia da empresa nos seus textos e datos. Recomendámosche revisar todos os puntos da *checklist* e aplicar gradualmente estratexias de linguaxe non sexista e representativa.

Necesitas apoio para aplicar estas boas prácticas?

Axudámosche a revisar e adaptar textos, correos, informes e documentación para construír unha comunicación máis coherente e respectuosa coas persoas. Traballamos para que cada mensaxe dialogue mellor con quen a recibe, ao evitar usos sexistas e reforzar unha forma de comunicar máis representativa, coidada e aliñada cos teus valores.



imaxin

Salgueiriños de abaixo nº11 L6
15703 Santiago de Compostela
981 554 068

www.imaxin.com
imaxin@imaxin.com